

REGULAMENTO DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Art. 1. Denominación

A Comisión de Garantía da Calidade na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña adopta como denominación específica o nome de Comisión de Calidade, Estratexia e Organización, podendo ser designada por éste, polo seu acrónimo CEO, ou polos seus xenéricos de Comisión de Calidade ou Comisión de Garantía de Calidade..

Art. 2. Función

É o órgano encargado de impulsar o desenvolvemento dunha política e de procedementos de garantía de calidade.

Art. 3. Lexitimidade

3.1. A CEO créase como Comisión Delegada da Xunta de Facultade, en base a Regulamento de Réxime Interno vixente nese organismo superior. Corresponde pois á Xunta de Facultade a ratificación, no seu caso, de todos os acordos que delegue na mesma pero sexan da súa competencia.

3.2. A CEO rexerase polo presente regulamento e pola normativa que emane dos órganos competentes da Universidade da Coruña. A aprobación do mesmo corresponde á Xunta de Facultade de Socioloxía. Calquera modificación do mesmo deberá contar coa aprobación da Xunta de Facultade

3.3. A composición aprobada neste regulamento, unha vez aprobada en Xunta de Facultade, pasará a incorporarse ao SGIC.

ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO

Art. 4. Composición.

4.1. Os membros son de tres tipos

- a) Natos
- b) De designación decanal
- c) De designación pola Xunta de Centro

4.2. Son membros natos os seguintes:

- Decano/a
- Vicedecano/a Responsable de Calidade
- Secretario/a do Centro
- Administrador/a ou persoa da administración ou UXAI encargado/a da xestión dos títulos.
- Coordinadores/as e profesorado responsable dos Títulos impartidos no Centro

4.3. Membros de designación decanal

O Decano pode nomear, ata un máximo do 33% dos membros, a aquelas persoas que pola súa colaboración en tarefas de xestión ou desenvolvemento da política de calidade do Centro, considere que poden contribuír ao mellor funcionamento da mesma. A modo ilustrativo, pode incluír a:

- Vicedecanas/os
- Coordinador/a de Plan de Acción Titorial (PATT)
- Coordinador/a de Practicum
- Secretario/a do Decano/a
- Directores/as de Departamentos adscritos ao Centro

4.4. A Xunta de Facultade pode incluír ata un máximo do 33% dos representantes entre os seguintes colectivos e cos mínimos establecidos de seguido:

- Representantes do Profesorado, en calquera das súas categorías (mínimo 2).
- Representantes dos PAS (mínimo 1).
- Representantes dos Estudantes (mínimo 2, un deles, preferentemente, de terceiro ciclo).

4.5. A Unidade Técnica de Calidade da UDC, a petición propia ou a petición do Presidente da Comisión de Calidade da Facultade, poderá incluír un membro, temporal ou indefinidamente, con voz pero sen voto

Art. 5. Duración da condición de membro da Comisión.

5.1. A perda da condición de membro da CEO pódese producir por tres motivos:

- a.- Renuncia
- b.- Decisión expresa do órgano que a/o nomea
- c.- Perda da condición pola que foi nomeada/o

5.2. Os membros natos son de carácter orgánico. Calquera cambio de responsabilidade neses cargos, implicará a oportuna modificación do representante na CEO

5.3. Os membros de designación decanal deixarán de exercer esa condición co cese do/a Decano/a.

5.4. Os membros de designación da Xunta de Facultade rexeranse polo acordado nesta última.

Art. 6. O/a Presidente/a da Comisión de Garantía de Calidade da Facultade

O Decano da Facultade será o presidente da Comisión, podendo delegar provisoria ou indefinidamente esa función no Vicedecano/a de Calidade.

Art 7. O/a Vicepresidente/a

Se o Decano/a é o presidente da Comisión, o vicedecano/a de calidade será o vicepresidente. Se o Decano/a delegou a presidencia no Vicedecano/a de Calidade, ocupará a vicepresidencia o vicedecano/a de maior antigüidade na UDC.

Art. 8. O/a secretario/a da Comisión de Garantía de Calidade da Facultade

O/a Secretario/a do Centro actuará como secretario/a da Comisión.

O Presidente da Comisión poderá delegar, provisoria ou indefinidamente, esa función, en calquera outro membro da Comisión.

Art. 9. Libro de Actas

Existirá un libro de actas da Comisión en que constarán como mínimo:

- As datas das reunións
- A Orde do día
- Os asistentes
- As decisións e os acordos da Comisión
- Os rogos e preguntas que se producisen
- As sinaturas do presidente e do/a secretario/a da Comisión.

Art. 10. As competencias da Comisión de Garantía de Calidade da Facultade

Correspóndelle á Comisión de Calidade, Estratexia e Organización da Facultade de Socioloxía o exercicio das seguintes funcións recollidas no seu Sistema de Garantía Interna de Calidade:

- a) Asumir as funcións que, en materia de calidade, lle propoña a Xunta de Facultade do Centro
- b) Poderá asumir e desenvolver as accións que lle propoña o/a Decano/a
- c) Asumir e desenvolver as funcións que lle propoñan os órganos de calidade da UDC (UTC), ACSUG, ANECA, ou similares e que impliquen ao Centro.
- d) Definir os obxectivos en materia de calidade
- e) Analizar, propoñer e implementar propostas de mellora, para a acreditación e/ou certificación da calidade dos títulos que se imparten no Centro.
- f) Analizar, propoñer e implementar melloras na xestión que se realiza nos diferentes servizos ou unidades do Centro
- g) Promover e Diseñar Accións ou Planos Integrais de Calidade, referidas ao Centro, aos títulos nel impartidos ou ao exercicio profesional.

Art. 11. A constitución da Comisión

10.1. A Comisión de Garantía da Calidade da Facultade reunirse, convocada polo seu presidente, polo menos unha vez semestralmente, ou tras a petición dun terzo dos seus membros.

10.2. Para quedar constituída precisárase a presenza do presidente, do secretario e da metade máis 1 dos membros da Comisión, en primeira convocatoria, ou dun terzo destes en segunda convocatoria.

10.3. A convocatoria da Comisión deberá efectuarse cunha antelación mínima de dous días hábiles.

10.4. A comisión de Garantía de Calidade poderá convidar ás súas sesións, con voz mais sen voto, ás persoas que considere, tanto pola súa relevancia como polo coñecemento nos temas a tratar.